



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

MARCOS VÁZQUEZ CAMPAÑA, SECRETARIO – INTERVENTOR DO CONCELLO DE FISTERRA, PROVINCIA DE A CORUÑA

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria que celebrou o pasado 02/10/2025, por seis votos a favor, dúas abstencións e tres votos en contra, adoptou entre outros o seguinte acordo:

PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE ADOPCIÓN DE ACORDOS RELATIVOS AO RÉXIME DE ADICACIÓNS DOS CARGOS PÚBLICOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Correspondendo ao Pleno da Corporación municipal a determinación do número, tipoloxía e retribucións das dedicacións exclusivas ou parciais que desempeñen os membros da corporación municipal de acordo co disposto nos artigos 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), artigo 7 da Carta europea de Autonomía local e 13 do Real Decreto Legislativo 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Tendo en conta o que establece a Disposición Adicional na Lei 31/2022, do 31 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, na súa Disposición Adicional Vixésima sétima, de réxime retributivo dos membros das corporacións locais, o Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de xuño, así como o acordo polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento das retribucións do persoal ao servizo do sector público previsto no artigo 6.2 da Real Decreto-lei 4/2024, do 26 de xuño.

PROPOÑO AO PLENO DÁ CORPORACION

1º) Recoñecer unha adicación parcial do 50% a esta Alcaldía, para o desempeño das súas responsabilidades corporativas, con efectos dende a data da aprobación, polo seguinte importe:

Habitantes	Referencia (100%)	Proposta 50% (14 pagas)	Proposta (mensual)
1.000 a 5.000	48.090,26 €	24.045,13 €	1.717,51 €

Este importe será bruto, ao que se terá que descontar a porcentaxe do IRPF e cotas á seguridade social que correspondan.

Este importe anual de 24.045,13 €, distribuirase en 12 pagas mensuais de 1.717,51 €, e 2 pagas extraordinarias de 1.717,51 €, que se percibirán nos meses de xuño e decembro.

2º) Recoñecer unha adicación parcial do 50% á Concelleira delegada de Cultura, Patrimonio, Novas Tecnoloxías, Educación, Igualdade e Muller, para o desempeño das



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

súas responsabilidades corporativas, con efectos dende a data da aprobación, polo seguinte importe:

Habitantes	Referencia (100%)	Proposta 50% (14 pagas)	Proposta (mensual)
1.000 a 5.000	31.042,74 €	15.521,37 €	1.108,67 €

Este importe será bruto, ao que se terá que descontar a porcentaxe do IRPF e cotas á seguridade social que correspondan.

Este importe bruto de 15.521,37 €, distribuirase en 12 pagas mensuais de 1.108,67 €, e 2 pagas extraordinarias de 1.108,67 € que se percibirán nos meses de xuño e decembro, e fíxase tomando como referencia á retribución establecida para o persoal ao servizo do Concello de Fisterra (Subgrupo C1).

E para que conste aos fins de unir ao expediente, expido e asino este certificado, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Fisterra, 7 de outubro de dous mil vinte e cinco.

Vº e Pr.

O Alcalde-Presidente

Asdo. Luis Manuel Insua Lago